

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

4949 Orde APA/385/2019, do 2 de abril, pola que se modifica a Orde AAA/1424/2015, do 14 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.

A loita fronte aos diferentes serotipos do virus da lingua azul que foron detectados en España levouse a cabo mediante un programa de vixilancia, un programa de vacinación e o control dos movementos dos animais sensibles á enfermidade. A adaptación dos programas de loita á evolución epidemiolóxica da enfermidade realizouse mediante sucesivas ordes ministeriais, das cales a última é a Orde AAA/1424/2015, do 14 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul. Nas distintas modificacións adaptáronse as zonas de restrición para os serotipos 1 e 4, incluíndo a zona de vacinación fronte ao serotipo 8 e adaptando as condicións dos movementos de animais susceptibles como resposta á evolución epidemiolóxica da enfermidade durante este período.

De acordo co establecido no número 2 do artigo 6 do Regulamento 1266/2007, do 26 de outubro de 2007, polo que se establecen disposicións de aplicación da Directiva 2000/75/CE do Consello no relativo ao control, o seguimento, a vixilancia e as restricións ao traslado de determinados animais de especies sensibles á febre catarral ovina, así como cos requisitos de vixilancia establecidos no anexo I do mencionado regulamento e, dado que se cumpriu co requisito de ausencia de circulación do serotipo 1 e 4 do virus da febre catarral ovina en determinados territorios durante un período mínimo de dous anos, considérase necesario modificar as zonas de restrición.

A vacinación demostrou ser a ferramenta máis eficaz para o control da enfermidade, ben que ao tratarse dunha enfermidade vectorial, para lograr o dito obxectivo cómpre establecer unha estratexia común rexional de vacinación, polo que se considera conveniente ampliar a aplicación da estratexia de vacinación rexional para dúas campañas adicionais.

Así mesmo, dada a evolución da situación epidemiolóxica en Francia, onde se rexistraron durante o ano 2018 trinta e catro focos do serotipo 4 da lingua azul, algúns en zonas limítrofes con España, no Perineo oriental, unido ao constante movemento de xatos entre Francia e as comunidades autónomas fronteirizas, considérase oportuno iniciar a vacinación voluntaria preventiva fronte ao serotipo 4 do virus da lingua azul na fronteira española con Francia, todo isto sen prexuízo de que as autoridades competentes poidan establecer a obrigatoriedade da dita vacinación fronte aos serotipos 4 e 8 naqueles territorios en que, con base na situación epidemiolóxica, o consideren necesario.

Esta vacinación en zona libre, da que xa foi debidamente informada a Comisión Europea, está prevista pola Directiva 2012/5/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2012, que modifica a Directiva 2000/75/CE do Consello, no que atinxe á vacinación contra a febre catarral ovina, incorporada ao noso ordenamento mediante o Real decreto 1001/2012, do 29 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul, permitindo así o uso de vacinas inactivadas fóra das zonas suxeitas a restricións dos movementos de animais.

En consecuencia, procede modificar a Orde AAA/1424/2015, do 14 de xullo, co fin de actualizar as zonas de restrición fronte aos serotipos 1 e 4, ampliar a vacinación obrigatoria nas zonas de restrición durante dúas campañas adicionais e ampliar a zona de aplicación de vacinación voluntaria fronte ao serotipo 4 na franxa fronteiriza española con Francia.

No procedemento de elaboración desta disposición consultáronse as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Esta orde dítase ao abeiro do establecido no artigo 8 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e na disposición derradeira segunda do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde AAA/1424/2015, do 14 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.*

A Orde AAA/1424/2015, do 14 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul, queda modificada como segue:

Un. O artigo 6 queda modificado como segue:

a) O número 3 substitúese polo seguinte:

«3. Realizaranse catro campañas anuais da vacinación prevista nos números 1 e 2, desde 2015 a 2018, ambos inclusive. Adicionalmente, realizaranse dúas campañas anuais durante os anos 2019 e 2020.

Será responsabilidade da persoa titular da explotación, a través do persoal veterinario autorizado correspondente, realizar a vacinación prevista neste artigo. A autoridade competente establecerá os controis oportunos para asegurarse de que a campaña se realiza correctamente.»

b) O número 5 substitúese polo seguinte:

«5. A vacinación voluntaria fronte aos serotipos 4 e 8 poderase realizar naqueles animais maiores de tres meses pertencentes ás especies ovina e bovina que

- a) Estean localizados na zona de vacinación preventiva establecida no anexo III ou
- b) vaian ser obxecto de movemento intracomunitario a zona restrinxida por serotipo 4 e 8 para a súa lida ou movementos temporais para participar en feiras, mercados ou exposicións neste país, e estea previsto o seu retorno a orixe. Neste caso a vacinación deberá ser autorizada pola autoridade competente da comunidade autónoma de orixe.

Non obstante o establecido na alínea a), as comunidades autónomas que así o dispoñan poderán establecer que a vacinación preventiva no seu territorio se realice de forma obrigatoria.»

Dous. O anexo I queda redactado da seguinte maneira:

«ANEXO I

Zona restrinxida fronte ao serotipo 4 do virus da lingua azul

Consideraranse zona restrinxida fronte ao serotipo 4 do virus da lingua azul os seguintes territorios:

1. Na Comunidade Autónoma de Andalucía:
 - a) Provincias de Cádiz, Córdoba, Huelva, Jaén, Málaga e Sevilla.
 - b) Na provincia de Granada: a comarca veterinaria de Motril (costa de Granada).
2. Na Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha:
 - a) As provincias de Ciudad Real e Toledo.
 - b) Na provincia de Albacete: as comarcas veterinarias de Alcaraz, Balazote, Elche de la Sierra, Villarrobledo e Yeste.

3. Na Comunidade Autónoma de Castilla y León:
 - a) Na provincia de Ávila: as comarcas veterinarias de Arenas de San Pedro, Candeleda, El Barco de Ávila e Sotillo de la Adrada.
 4. A Comunidade Autónoma de Extremadura.»
- Tres. O anexo II queda redactado da seguinte maneira:

«ANEXO II

Zona restrinxida fronte ao serotipo 1 do virus da lingua azul

Consideraranse zona restrinxida fronte ao serotipo 1 do virus da lingua azul os seguintes territorios:

1. Na Comunidade Autónoma de Andalucía:
 - a) Provincias de Cádiz, Córdoba, Huelva, Jaén, Málaga e Sevilla.
 - b) Na provincia de Granada: a comarca veterinaria de Motril (costa de Granada).
2. Na Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha:
 - a) Na provincia de Ciudad Real: as comarcas veterinarias de Almadén, Almodóvar del Campo e Piedrabuena (antigas comarcas de Piedrabuena e Horcajo de los Montes).
3. Na Comunidade Autónoma de Extremadura.
 - a) A provincia de Badajoz.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 2 de abril de 2019.—O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas Puchades.